



PLAN DIXITAL

CEIP CABANAS

VERSIÓN 1 – XUÑO 2022

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Datos identificativos

Titularidade	Consellería de Educación – Xunta de Galicia
Nome	CEIP de Cabanas
Enderezo	Lugar Cabanas, 72 . Salcedo – Pontevedra (36143)
Teléfono-Fax	886151582-83-84
e-mail	ceip.cabanas@edu.xunta.es
web	http://www.edu.xunta.es/centros/ceipcabanas/
Niveis educativos	Educación infantil e Educación Primaria
Nº de unidades	<ul style="list-style-type: none"> • Por catálogo: 3 unidades de E. Infantil y 6 unidades de E. Primaria • En funcionamento: 3 unid. de E. Infantil y 8 unid. de E. Primaria
Nº de alumnos/as	203 (curso 21/22)
Nº de profesores/as	17(dedicación completa) +2(compartido)
Réxime de horario	Xornada continuada
Horario clases	9:30 h.-14:30 h.
Servizos complementarios	<ul style="list-style-type: none"> • Plan Madruga (7:45h. – 9:30 h.) • Comedor (14:30 h a 17:00 h) • 3 liñas de Transporte Escolar
Centro de adscrición	IES Gonzalo Torrente Ballester

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O CEIP de Cabanas púxose en funcionamento en 1987, coa denominación “Colexio Público Comarcal de Cabanas”, comezando a funcionar como centro de dúas liñas de E.X.B.

No ano 1998 integrouse no centro a escola de E. Infantil de Cabanas, pasándose a chamar “Colexio de Educación Infantil e Primaria de Cabanas (CEIP de Cabanas).

A Parroquia de Salcedo está situada ao Suroeste do Concello de Pontevedra.

O noso alumnado ven tanto do rural da parroquia de Salcedo como urbano da parte sur da cidade de Pontevedra. Neste momento máis da metade do alumnado ven do casco urbano da cidade, Avd. de Vigo e arredores.

As circunstancias socioeconómicas actuais introduce variables como desenprego, baixos salarios, que afectan ás familias de modo e forma que resulta difícil para o centro facer unha análise da situación socio-económica das familias do alumnado.

Con todo, entendemos que aparecen dous niveis socioeconómicos-sociais diferentes:

Nun primeiro nivel agrupamos a un grupo significativo de familias de clase media. O alumnado deste grupo teñen facilidades na casa para poder estudar e as expectativas das familias tenden ás carreiras universitarias.

O segundo grupo está formado por familias de nivel socioeconómico e social medio-baixo ou baixo con poucas expectativas de por a disposición do alumnado os medios e posibilidades que permitan a realización de estudos superiores ou aqueles que proporcione unha cualificación profesional que lles posibilite a inserción laboral.

Máis alá destas consideracións, entendemos que as posibilidades formativas que oferta Pontevedra no ámbito universitario e no ámbito da Formación Profesional de grado medio e superior, así como a relativa proximidade a Vigo e a Santiago, favorece que todo o alumnado, tralo remate do ensino obrigatorio, poida atopar opcións de continuidade que respondan ás súas circunstancias e intereses.

Existe no centro unha ANPA moi activa e outras asociacións veciñais, musico-culturais, deportivas cunha ampla oferta de actividades, que se complementan coas ofertadas polo concello, deputación, muso, etc.

A lingua predominante entre o alumnado é o castelán aínda que a empregada polas entidades asociativas e administrativas sexa o galego.

O CEIP de Cabanas pertence á " Rede de Escolas Unesco" dende fai moitos anos, traballando cada ano en tres ámbitos como son: A Sostibilidade, O Patrimonio e a Cultura de Paz.

Así mesmo o centro participa en diferentes programas ofertados pola administración: Proxectas, Contratos- Programas (Excelencia, ARCO, Igual-T, Inclúe-T, Convive-T), Plambe, Radio na Biblio, mellora do EDLG, E-dixgal. En todos eles se intenta incluír as novas tecnoloxías, de modo que aínda que tratándose de diferentes programas estén relacionados entre sí.

O Plan dixital de centro pretende ser un documento vivo que se adapte as novas necesidades polo que terá unha actualización anual dentro da PXA do centro cada curso. A PXA do curso 22-23 incluírá os obxectivos propostos no presente PD.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Contextualización normativa en relación co Plan Dixital do noso centro:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

As tecnoloxías dixitais aumentaron a súa presenza na vida cotiá de forma vertixinosa nos últimos anos.

A escola, como non pode ser de outro modo, debe preparar cidadáns competentes dixitalmente e é imprescindible contar con un Plan dixital de centro que a partir das propias características nos dia unha folla de ruta para acadar recursos, organizar ensino, inclúa novas metodoloxías e axude a acadar que o noso alumnado teña a adecuada competencia dixital.

O uso das tecnoloxías dixitais non pode quedar en man da voluntariedade do profesorado senon que debe ser un obxectivo de centro.

1.4. Proceso de elaboración

Co obxectivo de deseñar, elaborar e implementar o Plan Dixital do centro creouse un Equipo dinamizador formado pola dirección do centro e coordinador tic e abalar; tres membros do equipo docente que levarán a cabo o proceso.

Dito proceso consta das seguintes partes ou etapas:

1. Análise da situación do centro, no que participou todo o profesorado do centro. O equipo directivo e o alumnado máis maior e para o cal se utilizaron dúas ferramentas:
 - a). Informe SELFIE
 - b). Test CCD de competencia dixital docente.

O equipo de dinamización foi o encargado de presentar e explicar as ferramentas SELFIE e o Test CDD, ao profesorado, despois de recibir a formación correspondente.

2. Diagnose da situación do centro en dous apartados:

a). DAFO. Informe sobre Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades, a partir dos resultados do SELFIE.

B). Planificación da formación persoal do profesorado para acadar a competencia dixital docente, partindo do informe individual do test CDD.

O equipo de dinamización en conxunto levou a cabo unha análise dos resultados da análise da situación do centro co fin de establecer cales son os puntos fortes e puntos máis débiles e poder establecer as DAFO como punto de partida para o Plan de Acción. Así como o plantexamento dos obxectivos a acadar coa posta en marcha do Plan Dixital o vindeiro curso , para o cal se contou coa colaboración do persoal docente.

3. Elaboración do Plan Dixital. Seguindo os apartados propostos.

4. Aprobación por parte do Consello Escolar

5. Implementación do Plan o vindeiro curso.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Conexións de datos:

No centro contamos con conexión de datos de fibra simétrica con ata 1Gb de velocidade.

Todas as aulas, biblioteca, sala de profesorado, dirección, secretaría, xefatura de estudos e local da ANPA contan con roseta de conexión cableada á rede.

Dispoñemos ademáis de dúas conexión WIFI (edu.xunta.es e a rede Abalar para os equipos edixgal). Os AP son suficientes para dar cobertura a todo o edificio.

Liñas de voz:

Dispoñemos de 3 liñas, unha delas cun terminal IP fixo (886151582), outra liña cun terminal analóxico fixo (8861515849 e unha terceira cun terminal dual analóxico sen fíos (886151583).

Existe tamén unha liña de fax (886151585)

Equipamentos:

Proxecto E-DIXGAL - EDUCAENDIXITAL

	KIT DIXITAL (PDI+canón curto+altofalantes)	PORTÁTILES AULA	ULTRAPORTÁTILES ALUMNADO	PORTÁTILES PROFESORADO	CARROS DE CARGA	DE XESTIÓN
EDIXGAL	2	0	46	7	2	AMTEGA
EDUCAENDIXITAL			7			CONSELLERÍA

RESTO DE EQUIPAMENTO:

	PC +5 ANOS	PC -5 ANOS	PORT + 5 ANOS	PORT -5 ANOS	CANÓN	P D I	CAR RO	TÁBLE TS	ADQUISICI ÓN
ADMINISTRACI ÓN		2							AMTEGA
		1							CENTRO
SALA PROFESORADO	2								AMTEGA
BIBLIO	ADMÓ N	1	1			1			CENTRO
	ALUMN	4						5	
AULAS	3		1		7	3			AMTEGA
	5	3		2	9	3		2	CENTRO
USOS MÚLTIPLES				1					CENTRO
					1				AMTEGA
INFORMÁTICA	17	2							CENTRO
					1	1			AMTEGA
EDUCAENDIXITA L		7							AMTEGA

Empregamos con asiduidade a web corporativa e a aula virtual do centro.

O correo corporativo é o principal método de comunicación oficial.

O espazoAbalar e a aplicación Abalarmóvil son empregados con habitualmente para o contacto coas familias do alumnado.

Os curso 5º e 6º de E. Primaria participan no proxecto E-dixgal, que se desenrola sen dificultades significativas.

Mantemento:

O mantemento do equipamento (agás o equipamento E-dixgal e educaendixital, que son xestionados pola Amtega ou polo Servizo Premium) lévase a cabo polo propio profesorado, apoiado pola empresa Redtyrel que fai unha visita semanal ao centro para solucionar posibles incidencias técnicas.

O mantemento da web, da aula virtual e do EVA de Edixgal realízao o propio profesorado, fundamentalmente equipo de dinamización TIC e a persoa coordinadora de E-dixgal.

Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC (Plan de continxencia, por exemplo): .

Plan de continxencia curso 21/22:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcabanassystem/files/PLAN%20CONTINXENCIA%2021-22.pdf>

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

A comisión europea desenvolveu a ferramenta de autoavaliación SELFIE, que permite obter un informe do centro. Dentro do cal se organiza segundo uns bloques ou áreas seguintes:

- Liderado
- Colaboración en redes
- Infraestrutura e equipos
- Desenvolvemento profesional continuo
- Pedagogía: apoos e recursos
- Prácticas de avaliación
- Competencia dixital do alumnado

Os resultados acadados polo CEIP de Cabanas foron os seguintes:

PARTICIPACIÓN:

- Membros do equipo directivo: participación 100%
- Profesorado: participación 82%
- Alumnado: participación 93%

RESULTADO POR ÁREAS

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria				
A -Liderado	Equipo Direct.	2.7				
	Profesorado	3.5				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2.8				
	Profesorado	3				
	Alumnado	2.8				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3.5				
	Profesorado	3.3				
	Alumnado	4.2				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3.7				
	Profesorado	3.9				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4.5				
	Profesorado	4				

	<u>Alumnado</u>					
F- Pedagogía: Implementación na aula	<u>Equipo Direct.</u>	<u>3.2</u>				
	<u>Profesorado</u>	<u>3.5</u>				
	<u>Alumnado</u>	<u>3.5</u>				
G- Prácticas de avaliación	<u>Equipo Direct.</u>	<u>2.6</u>				
	<u>Profesorado</u>	<u>3.1</u>				
	<u>Alumnado</u>					
H- Competencias dixitais do alumnado	<u>Equipo Direct.</u>	<u>3</u>				
	<u>Profesorado</u>	<u>3.4</u>				
	<u>Alumnado</u>	<u>4</u>				

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	<u>N.º profesorado que participa</u>	<u>N.º profesorado total</u>	<u>% participación</u>
DEFINITIVO	<u>11</u>	<u>13</u>	<u>84.6 %</u>
PROVISIONAL	<u>1</u>	<u>1</u>	<u>100 %</u>
INTERINO	<u>4</u>	<u>4</u>	<u>100 %</u>
SUBSTITUTO	<u>3</u>	<u>4</u>	<u>75 %</u>
DESPRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

<u>Puntuación media do test (sobre 192)</u>	<u>Nivel de competencia</u>	<u>Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)</u>	<u>Nivel de competencia en Galicia</u>
71.5	<u>INTEGRADOR/A (B1)</u>	76.4	<u>INTEGRADOR/A (B1)</u>

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	<u>Puntuación media do test (sobre 192)</u>	<u>Nivel de competencia</u>	<u>Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)</u>	<u>Nivel de competencia en Galicia</u>
EI	<u>78.3</u>	<u>INTEGRADOR/A (B1)</u>	68.2	<u>INTEGRADOR/A (B1)</u>
EP	<u>77.1</u>	<u>INTEGRADOR/A (B1)</u>	77	<u>INTEGRADOR/A (B1)</u>

2.3. Distribución de profesorado por niveis

	<u>Total profesorado no nivel de competencia</u>	<u>% de profesorado participante neste nivel</u>
A1	2	10.5 %
A2	7	36.8 %
B1	6	31.6 %

B2	2	10.6 %
C1	2	10.5 %
C2		
TOTAL	19	99.9 %

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE e o TCDD o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver. Sendo este o seguinte:

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ul style="list-style-type: none"> 1. <u>Programas educativos promovidos pola administración</u> 2. <u>Equipamento E-Dixgal</u> 3. <u>Boa resolución de incidencias técnicas</u> 	<ul style="list-style-type: none"> 1. <u>Inexistencia dunha biblioteca de repositorios en liña</u> 2. <u>Espazos físicos dixitalizados insuficientes no centro</u> 3. <u>Renovación e mallora de equipamentos actualizados (ordenadores, PDI,)</u>
	PERSOAL DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> 1. <u>Iniciativas para afondar necesidades de formación profesional</u> 2. <u>Boa comunicación entre a comunidade educativa.</u> 3. <u>Recoñecemento ao traballo alleo</u> 	<ul style="list-style-type: none"> 1. <u>Participación do profesorado en redes colaborativas profesionales</u> 2. <u>Creación de recursos educativos dixitais.</u> 3. <u>Adopción de innovacións educativas</u> 4. <u>Incorporación das tecnoloxías dixitais para a avaliación.</u> 5. <u>Uso activo e creativo das aulas virtuais</u>
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	<ul style="list-style-type: none"> 1. <u>Motivación do alumnado de cara ao aprendizaxe dixital.</u> 2. <u>Boa competencia dixital entre o alumnado que participa en E-dixgal</u> 	<ul style="list-style-type: none"> 1. <u>Participación do alumnado no proceso de avaliación (auto e coavaliación).</u> 2. <u>Dinámicas de reflexión sobre o uso da tecnoloxía e o uso dos recursos dixitais.</u> 3. <u>Habilidades dixitais en cursos baixos de primaria.</u> 4. <u>Non ter competencia en resolución de problemas técnicos.</u> 5. <u>Non ter competencia na creación de contidos dixitais.</u>
	FAMILIAS	<ul style="list-style-type: none"> 1. <u>valoración positiva das familias con respecto aos avances tecnolóxicos implementados</u> 	<ul style="list-style-type: none"> 1. <u>Escasa competencia dixital das familias.</u> 2. <u>Escaso acompañamento das familias no ensino dixital</u>
	OFERTA	<ul style="list-style-type: none"> 1. <u>Proxecto E-dixgal</u> 2. <u>Boa aceptación ás necesidades do alumnado</u> 3. <u>Proxecto Radio na Biblio</u> 	<ul style="list-style-type: none"> 1. <u>Limitación de idade no proxecto E-dixgal</u> 2. <u>Participación en proxectos interdisciplinares.</u>
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<ul style="list-style-type: none"> 1. <u>Existencia de canles de comunicación entre as diferentes etapas do centro</u> 2. <u>Implicación do equipo directivo</u> 	<ul style="list-style-type: none"> 1. <u>Existencia dunha estratexia dixital</u> 2. <u>Falta de tempo para explorara o ensino dixital.</u>

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<ul style="list-style-type: none"> 1. Financiación europea 2. Participación en diferentes proxectos de ámbito educativo. 3. Equipamento do programa E-dixgal 	<ul style="list-style-type: none"> 1. Aplicacións da consellería pouco intuitivas e prácticas para o uso diario. 2. Reducción da plantilla docente no centro 3. Exceso de burocracia. 4. Nula dotación de equipamento dixital fora do programa E-dixgal
	LEXISLACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> 1. Está máis presente a competencia dixital 	<ul style="list-style-type: none"> 1. Cambios constantes na normativa 2. Textos legislativos ambiguos e pouco claros.
	CONTORNA	<ul style="list-style-type: none"> 1. Colaboración con centros próximos (FP, facultades...) 2. A pandemia manifestou que un Plan Dixital é un proceso necesario. 3. Centros próximos con boa sintonía e cos mesmos programas. 	<ul style="list-style-type: none"> 1. Escaseza de colaboración entre centros 2. Pouca relación con persoas que non forman parte da comunidade educativa. 3. Dificultade para a dixitalización das familias no rural.
	ANPA	<ul style="list-style-type: none"> 1. Sensibilización coa necesidade dunha educación dixital. 2. Moi boa colaboración e aportación de equipamentos por parte da anpa do centro. 	
	OUTRAS ENTIDADES		

3. Plan de Acción

O Plan de acción está ideado para que se vaia implementando ao longo do próximo curso.

Cada unha das accións propostas están asociadas a un obxectivo medible, real, planificado e axustado ás necesidades do centro, para o cal se determinarán uns indicadores para poder medir o grao de consecución durante a implantación e a final de curso.

Cada curso escolar se actualizarán o catálogo dos recursos existentes en cada momento e se potenciará e optimizará o uso dos mesmos, tendo en conta que eses catálogos están en constante evolución.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Para cada obxectivo cumprimentase unha táboa que recolle esta información. A mesma táboa empregárase para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Necesidades do centro:

Infraestructura de rede de datos:

Consideramos cubertas as necesidades básicas do centro neste aspecto, tanto de cableado coma de redes sen fíos, agás na sala de informática.

Infraestructura de voz:

Sería necesaria a instalación dalgunha liña adicional para dar cobertura ás distintas aulas, ou ben dalgunha liña móbil, dado que na actualidade, unha cantidade significativa de titorías coas familias se realiza telefónicamente. O profesorado está empregando a súa liña privada de telefonía móbil para este fin, xa que as tres liñas de voz existentes están ubicadas na Dirección,

na Secretaría e na conserxería do centro, e non se dispón da privacidade necesaria para as conversas coas familias.

Necesidades de equipamento:

Tal e coma se observa nos datos dos apartados anteriores, o equipamento do centro atópase bastante desfasado:

Aula de informática:

Conta con 17 Pc's bastante antigos. A maioría xa foron adquiridos polo centro reacondicionados hai varios anos. Sería necesaria unha renovación destes equipos, substituíndo os máis antigos por portátiles para axudar a optimizar o espazo da sala e poder ter un equipo por cada alumno/a.

Tamén sería necesaria unha renovación da instalación xa que a maioría as rosetas de conexión están rotas e o seu número é insuficiente para todos os equipos.

A pizarra dixital desta sala é demasiado antiga e xa nin sequera conta con controladores para a maqueta abalar, polo que non pode ser empregada coma PDI. Precisaríase, polo tanto, a súa substitución.

Aulas ordinarias:

Agás as aulas E-dixgal, o equipamento das aulas é bastante básico. Todas teñen canón proxector, pero só 6 dispoñen de PDI, 5 delas cunha antigüidade superior aos 9 anos. Tan só 5 aulas contan cun ordenador de menos de 5 anos. Ninguna delas dispón de equipos a disposición do alumnado para traballo ou busca de información.

Aula Futuro:

Para o vindeiro curso está proxectada unha aula de investigación, experimentación e comunicación colaborativa. Para dotar esta aula precisaríanse 5 portátiles ou ultraportátiles, canón e PDI ou panel interactivo e 5 tábllets.

Biblioteca:

É necesaria a renovación de, a lo menos, un dos PC's de administración.

Plan de Acción do Plan Dixital CEIP CABANAS

Área/s de mellora: LIDERADO						
OBXECTIVO 1:	Promover xestións administrativas de xeito telemático entre as familias				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Porcentaxe xestións entregadas de xeito telemático					
Valor de partida:						
Valor previsto e data:	25% solicitudes de forma telemática					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Fomentar o uso telemático para xestións administrativas	E. Directivo	Xaneiro 2023	Equipos xestión Abalar mobil		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Crear tutoriais de axuda para as familias cos procedementos comúns	E. Directivo	Xneiro 2023	Equipos de centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Difundir formación entre as familias antes de procedementos e prazos administrativos	E. directivo	Febreiro 2023	Web centro abalar mobil		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: COLABORACIÓN EN REDES						
OBXECTIVO 2:	Fomentar condutas responsables co uso tics				Acadado	
Responsable:	E. Directivo e coordinador Tics				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	N.º de colaboracións					
Valor de partida:						
Valor previsto e data:	3					
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Solicitar programa "CIBEREXPERTO" do Ministerio do Interior	Coordinador Actividades extraescolares e complementarias	Decembro 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Colaboración con Concello Pontevedra. Programa de condutas adictivas	Coordinador Actividades extraescolares e complementarias	Decembro 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: INFRAESTRUCTURAS E EQUIPOS						
OBXECTIVO 3:	Actualización equipos centro e de uso común				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo e Coordinador tics				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Porcentaxe equipos mellorados/renovados en aulas					
Valor de partida:						
Valor previsto e data:	30% equipos mellorados en aulas					
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: Valorar necesidades	Equipo Tics	Setembro 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Solicitar recursos. Acadar recursos para melloras	Equipo Tics Empresa xestión mantemento	Outubro 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Empregar AULA NOVA como centro de recursos dixitais do centro	Equipo tics Equipo directivo	Xuño 2023	Todo equipamento dixital do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: PEDAGOXIA: APOIO E RECURSOS						
OBXECTIVO 4:	Promover uso habitual AULA VIRTUAL (AV) entre alumnado de 3º e 4º de E. Primaria				Acadado	
Responsable:	Profesorado e Equipo Tics				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	N.º actividades feitas na AV					
Valor de partida:						
Valor previsto e data:	Realización de actividades na AV todos os meses (mínimo 8).					
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRIPCIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO4.1: Crear AV do curso e matriculación alumnado e profesorado	Coordinador tics	setembro 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Actualizar recursos e actividades na AV de 3º e 4º de E.Primaria	Profesorado de área	Xuño 2023	Recursos AV		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: Tarefas alumnado na AV	Profesorado titor e/ou materia	Xuño 2023	Actividades AV		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: PEDAGOXIA: IMPLEMENTACIÓN NA AULA						
OBXECTIVO 5:	Adaptar actividades aprendizaxe da AV ao alumnado de Neae				Acadado	
Responsable:	Dpto. De orientación				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	N.º de actividades adaptadas					
Valor de partida:						
Valor previsto e data:	3 actividades en cada unha das áreas instrumentais					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A05.1: Coordinación áreas e traballos a adaptar na AV para alumnado neae	Xefatura Dpto Orientación	Setembro 2022	Informes alumnado neae		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.2: Coordinación entre profesorado apoio e titor	Xefatura Dpto Orientación	Outubro 2022	Programacións individuais alunado Neae		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.3: Adaptación actividades AV á alumnado neae	Profesorado apoio e titor	Novembro 2022	Recursos específicos neae		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.4: Implementar actividades AV á alumnado neae	Profesorado apoio e titor	Xuño 2023	Contidos e actividades adaptadas de forma individual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: COMPETENCIA DIXITAL ALUMNADO						
OBXECTIVO 6:	Introdución á robotica na E.Primaria				Acadado	
Responsable:	Coordinador tics				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	N.º sesións de robotica					
Valor de partida:	0					
Valor previsto e data:	5					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO6.1: Xestión tempo e espazos para levar a cabo actividades robotica	X.estudios titores/profesorado área	Setembro 2022	Espazos centro: AULA NOVA e informática		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.2: Crear grupos traballo entre alumnado	Titores	Outubro 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.6: Realizar actividades robotica LEGO	Titores/coordinador tics	Xuño 2023	Kits LEGO, Beebots, Tablets, ordenadores		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: PRACTICAS DE AVALIACIÓN						
OBXECTIVO 7:	Desenvolver ferramentas de avaliación empregando ferramentas dixitais				Acadado	
Responsable:	Coordinador tics				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	N.º actividades de avaliación creadas					
Valor de partida:	0					
Valor previsto e data:	6					
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRIPCIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO7.1: Crear grupo traballo entre profesorado	Coordinacion Plan tics e formación en centro	1º T	Convocatoria		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO7.2: Determinar tarefas a realizar: cuestionarios, rúbricas, probas obxectivas...	Grupo traballo	1ºT	Actas reunións Tarefas avaliación		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO7.3: Realización tarefas de avaliación	Grupo traballo	2º e 3º T	Tarefas avaliación		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: DESENVOLVEMENTO PROFASIONAL CONTINUO						
OBXECTIVO 8:	Promover a participación en redes colaborativas de profesorado				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo e coordinador tics				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	N.º actividades participativas en rede					
Valor de partida:	0					
Valor previsto e data:	3					
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A08.1: Crear grupo traballo de intercambio de experiencias	XE e dirección	Ooutubro 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A08.2: Concretar actividades colaborativas nas que participar	Grupo de traballo	Decembro 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A08.3: Realización actividades colaborativas en rede	Grupo de traballo	Xuño 2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4. Avaliación do plan

A final de cada curso e dentro da memoria final levarase a cabo unha valoración dos obxectivos propostos para cada curso, e o grao de cumprimento dos mesmos, así como das accións previstas para acadar cada un deles.

Realizarase unha valoración continua unha vez ao trimestre podendo modificar as accións ou propostas de mellora de ser necesario.

Na avaliación final a final de curso terase en conta o logro dos obxectivos de mellora propostos, para poder facer as modificacións oportunas cara a actualización de necesidades e propor novos obxectivos no Plan do seguinte curso

5. Difusión do plan

Unha vez o Plan Dixital sexa aprobado polo Consello Escolar, realizaranse as seguintes accións para a súa difusión:

- Farase pública a través da web do centro, onde están publicados tódolos documentos oficiais de centro.
- Enviarase un Abalar ás familias anunciando a publicación do mesmo.
- Formará parte do PEC do centro
- Actualizarase cada ano na correspondente PXA.